
ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA A LIMPEZA DA CONTORNA DO CRUCEIRO DE AMIO

Calcúlase que en Galicia hai uns 12.000 cruceiros e, por iso, estes son os monumentos populares máis característicos do noso país, xunto cos hórreos. Máis dun cento deles atópanse no termo municipal de Santiago, en diferentes estados de conservación.

Un deses cruceiros atópase no lugar de Amio, preto da antiga escola unitaria, rehabilitada durante o pasado mandato no marco do Obradoiro de Emprego HabilitS. Trátase dun cruceiro que, tal e como se recolle no portal municipal compostelaverde.santiagodecompostela.gal, é “de tipo crucifixo, bastante estilizado, de fuste cilíndrico apoiado nun pedestal único irregular e con filete circular; con cruz cilíndrica con talla da Virxe e de Cristo”.

Malia a tratarse dun elemento ben accesible, preto dun viario público, o cruceiro de Amio atópase na actualidade rodeado de vexetación que, tal e como se observa nas fotografías que acompañan este rogo, practicamente cobre a súa base na súa totalidade. Por este motivo, teñen sido reiteradas as queixas recollidas polo grupo municipal de Compostela Aberta por parte da veciñanza.

Tendo en conta todo o anterior, o Grupo Municipal de Compostela Aberta:

SOLICITA:

- Que se realice unha roza na contorna do cruceiro de Amio, facendo visible este elemento patrimonial e protexéndoo dos danos que puidera causarlle o exceso de vexetación.

Santiago de Compostela, 11 de Decembro do 2019



Jorge Duarte Vázquez
GRUPO MUNICIPAL



Concelleiro do Grupo Municipal de Compostela Aberta

AO ALCALDE DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA